

BASES E INFORMACIÓN

CAMPAMENTO DE NADAL DO CONCELLO DE BOIRO 2024

A concellería de Educación do Concello de Boiro ofrece un servizo dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos escolarizados, có obxectivo de facilitar ás familias un recurso de conciliación con horarios flexibles axustado ás súas necesidades, e ofrecer unha alternativa lúdica, formativa e integradora de ocio e tempo libre ós/ás participantes.

O que se pretende é un campamento versátil dunha forma educativa, divertida e saudable.

Definición:

As presentes bases/información teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a participación no Campamento de Nadal Boiro 2024.

Descrición:

O desenvolvemento das actividades deste campamento estará baseado en técnicas de intervención participativas e activas. Fomentarase a creatividade e os valores de respecto e solidariedade con enfoques non sexistas. As actividades deberán ser planificadas segundo as idades e necesidades socio-educativas que pola súa natureza así se requiran.

Lugar de Realización, Calendario e Horario:

Lugar:

As actividades do campamento de Nadal terán lugar no CEIP Santa Baia.

Calendario:

Os programas desenvolverase (agás sábados, domingos e festivos): do 23 de decembro do 2024 ao 7 de xaneiro 2024.

Horarios:

O servizo levarase a cabo: de 8.00h / 9.00h a 14.00h.

Cómpre sinalar, que no campamento de Nadal, debido aos horarios laborais, facilitaráselle aos proxenitores que poidan entrar as 8.00 ou as 9.00h (a elixir)

Pasado o tempo de recollida, se non acode a recoller ao neno/a e non dispoñemos de noticias ao respecto, chamarase ao organismo público correspondente.

Os horarios elixidos de entrada non poderán ser modificados polos participantes.

Asistencia:

A asistencia diaria ao programa será obrigatoria, só se admitirá: 1 falta sen xustificación. No caso da existencia de máis faltas a organización valorará os casos e circunstancias que se consideren de forza maior.

Nº de prazas:

Ofertaranse as seguintes prazas para nenos e nenas de 3 a 12 anos (cumpridos e escolarizados)
50 prazas CEIP Santa Baia.

No caso de que haxa máis participantes prescritos que prazas, priorizaranse os seguintes

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

1º.- Orde de entrada da solicitude. Queda certificada de forma automática co rexistro de entrada (3 puntos)

2º.- Estar empadroados no Concello de Boiro: Este criterio xustifícase coa autorización de consulta no padrón municipal. (2 puntos)

3º.- Ocupación laboral dos proxenitores/ ou titores legais: Este criterio xustificarase con copia do contrato laboral ou certificado da empresa onde se especifique a xornada laboral – días e horarios-. No caso de que se dean circunstancias especiais de que dentro da unidade familiar, os seus membros non puideran coidar das crianzas, terase tamén en conta: Este criterio debe xustificarse cun informe de Servizos Sociais ou informe médico (1 punto). **Esta documentación só será requirida si se dera o caso.**

Pola contra, se non se acada o grupo mínimo o campamento pode ser cancelado

Custo:

As tarifas por usuario/a serán de:

60€ en horario de 8.00 a 14.00h

50€ en horario de 9.00 a 14.00h

Desconto do 50% segunda/o irmá/irmán e sucesivos:

(Exemplo en horario de 8.00 a 14h.: 1º irmá/irmán 60€ + 2º irmá/irmán 30€ + 3º irmá/irmán 30€ = 110€)

(Exemplo en horario de 9.00 a 14h.: 1º irmá/irmán 50€ + 2º irmá/irmán 25€ + 3º irmá/irmán 25€ = 100€)

Desconto do 80% persoas en exclusión social, ou sexa 12€ ou 10€ por participante dependendo do horario elixido.

As persoas en exclusión social deberán presentar certificado de Servizos Sociais ou certificado da autoridade pertinente xunto có recibo de pago.

Modelo de pago: Proponse que o/a usuario/a faga o pago bancario con impreso de autoliquidación que debe facerse a través da sede electrónica, no portal tributario.

Importante. Así mesmo, unha vez feito o ingreso o/a usuario/a deberá entregar unha copia da autoliquidación selada polo banco ou auto liquidación xunto có recibo bancario (se o pago se efectuase a través de banca electrónica), momento, no que se fará efectiva a inscrición.

Deberán entregar os xustificantes na Casa da Cultura no departamento de Educación.

Que teño que levar ao campamento:

As/os nenas/nenos deben asistir con calzado deportivo, roupa cómoda ou deportiva, mandilón (se se estima oportuno) e a merenda (froita, bocadillo, auga... Recoméndase que aínda que lle poñan bebidas azucradas que leven tamén auga).

Monitores:

Contrataranse monitores/as e un/ha coordinador/a do campamento, que serán os/as responsables de organizar, supervisar e levar a cabo as actividades do mesmo. Estes monitores/as, serán persoas tituladas, formadas para levar a cabo estas actividades. Os nenos e nenas con necesidades especiais contarán con monitor/a de reforzo. Estes feitos, non supoñen un apoio individualizado a un neno/a concreto, senón a toda a colectividade, garantindo un maior control de cada un dos participantes do grupo, especialmente destinado á diversidade.

Inscrición e Requisitos

Prazo de Inscrición: do **12 ao 22 de novembro** ambos inclusive

Requisitos:

- 1.- Debe recoller os impresos de inscrición na Casa da Cultura no departamento de Educación, ou descargarlos da web municipal www.boiro.gal
- 2.- Unha vez cubertos debe envialos, xunto coa documentación xustificativa, polo rexistro do Concello de Boiro (ben de forma telemática ou presencial) a: A/A Departamento de Educación 605
- 3.- Unha vez rematado o prazo de admisión, procederase á publicación da **lista provisional** de admitidos/as na web municipal. No caso de **reclamacións** deberán ser tramitadas, vía rexistro, nos dous días seguintes a dita publicación. Pasado o período de reclamación procederase á publicación da **lista definitiva** de admitidos/as

4.- Pago de tarifa: se vostede está admitido/a debe proceder ao pago das taxas do **27 de novembro ao 3 de decembro** ambos inclusive.

. Debe cubrir o impreso de autoliquidación a través da sede electrónica do Concello de Boiro – Portal Tributario. (na web boiro.gal ten un documento de instrucións) Unha vez feito, debe aboar a tarifa correspondente ben:

. A través da sede electrónica con tarxeta bancaria ou

. Facer o pago nunha oficina bancaria. Para esta modalidade debe imprimir as tres copias do impreso de autoliquidación (1 para o banco, outra para vostede e outra para entregar á administración) que debe selar o banco.

. Unha vez efectuado o pago, debe achegar o impreso de autoliquidación asinado/selado pola entidade bancaria ou autoliquidación xunto có recibo de pago se este se fixo con tarxeta bancaria, na Casa da Cultura no departamento de Educación en horario de 9.00h a 14.00h.de luns a venres.

Lembre que si vostede non entregou o xustificante de pago no prazo estipulado perderá a súa praza.

NOTA ACLARATORIA: unha vez rematado o proceso de inscrición, pago incluído, vostede pasará a estar oficialmente inscrito no campamento. E non se procederá, en ningún caso ,á devolución das taxas pagadas para este campamento.